



BIOTECFOR

Bionegocios e tecnoloxía para a valorización eficiente dos recursos forestais endóxenos no norte de Portugal e Galicia

(0095_BIOTECFOR_1_P)

Este proxecto foi presentado á primeira convocatoria do programa INTERREG V A España Portugal (POCTEP), para aumentar a eficiencia no uso de recursos naturais para contribuir ao desenvolvemento da economía verde no Espazo de Cooperación. O Comité de Xestión do POCTEP aprobou conceder unha axuda para este proxecto o 5 de maio de 2017.

O proxecto iniciouse o 1 de xaneiro de 2015 e finaliza o 31 de decembro de 2019.

OBXECTIVO DO PROXECTO

Aumentar os niveis de eficiencia na utilización dos recursos forestais, a través da aplicación de Sistemas Robóticos Intelixentes, na súa recollida e procesamento así como na busca de novas aplicacións para novos materiais, contribuindo ao desenvolvemento da bioeconomía e da economía circular no espazo transfronteirizo de cooperación Galicia – norte de Portugal.

ACCÍONS

- Encadramento estratéxico e tendencias rexionais e europeas dos recursos forestais endóxenos na bioeconomía
- Aproveitamento dos recursos naturais endóxenos forestais na lóxica da bioeconomía
- Equipamentos e innovación tecnolóxica
- Transferencia de tecnoloxía e capacitación dos axentes
- Xestión e coordinación
- Comunicación

PRINCIPAIS RESULTADOS

- Mellora da información e capacitación técnica dos actores do sector
- Identificación de novos bionegocios
- Desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías innovadoras para o aproveitamento e valorización dos recursos forestais
- Impulso da xestión sostible dos espazos forestais, inducendo a unha maior rendibilidade da actividade forestal e unha diminución dos riscos de incêndio asociados.
- Avaliación do potencial de replicación do proxecto noutras rexións





SOCIOS DO PROXECTO

- Forestis – Associação Florestal de Portugal: líder da agrupación
- Asociación Forestal de Galicia
- INESC TEC - Instituto de Engenharia de Sistemas e Computadores, Tecnologia e Ciência
- CTAG – Centro Tecnológico de Automoción de Galicia

DATOS ECONÓMICOS

O importe total aprobado para o proxecto é 1.267.417,51 euros e correspóndelle unha axuda FEDER de 950.563,13 euros.

O orzamento total da AFG son 189.761,28 euros e correspóndelle unha axuda FEDER de 142.320,96 euros.

